

A HORA DA SESTA

Textos e ilustracións de FRÉDÉRIC STEHR

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Libro de cartón. Esquinas redondeadas. 20 x 20 cm. 24 páx. 12 €

A hora da sesta (galego)

ISBN 978-84-1343-269-4. Prelecturas. Acartonados.

La hora de la siesta (castelán)

ISBN 978-84-1343-270-0. Prelecturas. Acartonados.

L'hor de la migdiada (català)

ISBN 978-84-18558-84-9. Prelectures. Cartró.

A hora da sesta vai acabar. Pero Leo non durmiu nada.

–Psttt! Oli, mira que cabana fixen.

–Hummm. Que dis?

Non parece unha cabana. Agarda! Vouche ensinar como se fai...

A falta de sono, unha divertida aventura en equipo ambientada na escola infantil, coa que moitas nenas e nenos se sentirán identificados.

Esta serie de Frédéric Stehr protagonizada por pequenas aves desprende tenrura, humor e emoción; o autor ponse no lugar das nenas e dos nenos a través destes adorables personaxes que reflicten as inquedanzas e os sentimentos, auténticos e fondos, da infancia. Tras «Chin Bam Bum!» e «O día das apertas», situámonos na escola infantil con «A hora da sesta»: o relato comeza cando o pequeno moucho, incapaz de durmir, converte o colchón nunha cabana e chama a un dos compañeiros para amosarlle. A partir de aí, o tamaño da construción vai medrando a medida que os demais paxariños van espertando e sumando máis e máis xergóns ata armar, entre todos, unha “supercabana”.

O traballo colaborativo, o labor en equipo e a cooperación fan posible que, a través do xogo e da imaxinación, a escola sexa un espazo amable e divertido onde se fomentan a creatividade e as habilidades do alumnado.

Como en obras anteriores, «A hora da sesta» caracterízase pola súa estrutura sumativa e acumulativa, a sinxeleza dos diálogos con frases curtas, onomatopeas, e a atmosfera de ledicia, naturalidade e espontaneidade que envolve o relato. Fronte ao minimalismo e as liñas tenues que representan esquematicamente o dormitorio onde transcorre esta aventura, acentúanse os trazos e o colorido dos personaxes e das accións. Céntrase así a atención da lectura, que se estende ata a contracuberta cunha ilustración final que redondea e amplía a historia.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** experimentación, exploración, expresión, emocións.

■ **Idade recomendada:** dende 12 meses.

■ **Aspectos destacables:** estrutura sumativa e acumulativa; escola infantil, compañeirismo, amizade, traballo en equipo, afectos; hábitos, rutinas e obxectos cotiás, xogo, sesta, sono; vocabulario; animais humanizados, aves; do autor de «Chin Bam Bum!» e «O día das apertas».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-hora-da-sesta-g>

Frédéric Stehr

(París, 1956)

Autor e ilustrador de literatura infantil. Estudou serigrafía na Escola Profesional Superior de Artes Gráficas de París pero abandonou as aulas e dedicouse a debuxar durante horas nos xardíns públicos, compaxinando a súa paixón pola arte con diversos empregos ocasionais. Empezou a traballar en *L'ecole des loisirs*, onde aprendeu a contar historias. Publicou o seu primeiro libro en 1983; dende entón suma máis de 60 obras.

<https://www.instagram.com/frederic.stehr/>

